

## **CAMBADOS**

### *Anuncio de cobranza*

Habiendo sido aprobado por la Junta de Gobierno Local, en sesión ordinaria, del Ilustrísimo Ayuntamiento de Cambados, con fecha catorce de enero de 2013, el padrón de agua, canon de agua y coeficiente de vertedura, correspondiente al cuarto trimestre de 2012; queda éste expuesto al público en las oficinas de Aquagest, calle Rúa Ourense número 8, bajo, por el plazo de un mes, a contar desde la publicación de este edicto en el “Boletín Oficial” de la Provincia, en cuyo período podrá formularse ante el mismo órgano que lo dictó recurso de reposición previo al contencioso-administrativo.

Asimismo, se hace saber que sin perjuicio de las reclamaciones que puedan presentarse contra el citado padrón, el plazo de ingreso en período voluntario para el pago de las cuotas contenidas en el mismo será de 60 días contados a partir de la publicación de este Edicto en el BOP.

Durante dicho período voluntario podrá efectuarse el pago en las entidades colaboradoras así como a través de domiciliación bancaria.

Lo que se hace público para general conocimiento.

Cambados, a 17 de Enero de 2013.

**2013000924**

\* \* \*

## **CANGAS**

### **A N U N C I O**

O Pleno do Concello de Cangas, en sesión ordinaria de data do 11 de xaneiro de 2013, acordou aprobar expresamente, con carácter definitivo, a redacción final do texto da Ordenanza de compatibilización da convivencia e o lecer en zonas residencias, vías e outros lugares públicos do Concello de Cangas unha vez resoltas as reclamacións presentadas e incorporadas á mesma as modificacións derivadas das reclamacións estimadas, o que se fai público para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

### **ORDENANZA DE COMPATIBILIZACIÓN DA CONVIVENCIA E O LECER EN ZONAS RESIDENCIAIS, VÍAS E OUTROS LUGARES PÚBLICOS DO CONCELLO DE CANGAS**

#### *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

A presente ordenanza pretende compatibilizar a normal convivencia e o lecer nas zonas residencias, vías e outros lugares públicos do Concello de Cangas, non permitindo aquelas condutas que perturben a tranquilidade e o descanso ao que todo cidadán ten dereito.

Toda sociedade debe rexerse por normas que fagan posible a convivencia. Existe un fenómeno recente que adoptan grupos numerosos de persoas, básicamente mozos e mozas, concentrándose en espacios públicos dos pobos e cidades para consumir bebidas. Estas concentracións ocasionan problemas de convivencia ao respecto dos cidadáns que viven e desenvolven as principais actividades vitais nas zonas urbanas nas que se produce este fenómeno. Os dereitos das persoas a reunirse, atopan os seus límites nos dereitos dos demais cidadáns e cidadás á protección do medio ambiente, salubridade e saúde pública e individual, libre circulación e descanso, xunto coa axeitada conservación e hixiene dos espacios públicos.

A ordenanza contempla a realización de traballos ou actividades en beneficio da comunidade ou a participación en cursos de todos/as aqueles/as cidadáns/cidadás que resulten sancionados/as pola aplicación da mesma, substitución que pretende ter efectos disuasorios e ao mesmo tempo espertar a conciencia do infractor. A mesma establece una serie de medidas preventivas orientadas á información e á educación cidadás, poñendo una especial énfase nos mozos e mozas.

Esta intervención na actividade dos/das cidadáns/cidadás pretende non permitir condutas perxudiciais duns/dunhas cidadáns/cidadás que outros/as non teñen o deber e a obriga de soportar, e ao mesmo tempo, pretende fomentar a cultura de saber estar.

## **CAPÍTULO I DISPOSICIÓN XERAIS**

### *ARTIGO 1.—OBXECTO*

Constitúese o obxecto da presente ordenanza establecer a non autorización do consumo de bebidas nas zonas residenciais, vías e outros lugares públicos de Concello de Cangas, co fin de garantir-la convivencia e a seguridade cidadás, o dereito á intimidade e o descanso no domicilio, a protección dos menores e a utilización ordenada de devanditas zonas, vías e espazos públicos, protexendo a libre utilización destes últimos pola cidadanía e evitando a alteración da convivencia cidadá.

Pretende ademáis, e dentro das competencias que se atribúen ao Concello, a prevención do abuso de alcohol no ámbito territorial do termo municipal.

### *ARTIGO 2.—MEDIDAS PREVENTIVAS. INFORMACIÓN E EDUCACIÓN*

O Concello de Cangas promoverá e impulsará o asesoramento e orientación na prevención e tratamento do consumo de bebidas alcohólicas conforme ao Plan Municipal de Prevención de Drogodependencias do Concello.

Desenvolveranse campañas informativas que conciencien sobre a inxestión abusiva de bebidas alcohólicas co obxectivo de modificar os hábitos e actividades en relación co consumo das mesmas, con especial relevancia no que aos mozos e mozas se refire.

Para facer efectivo o obxecto da presente Ordenanza, o Concello de Cangas adoptará medidas como:

- a) Accións para a prevención entre mozos e mozas sobre o consumo de alcohol e outras sustancias e no respecto ao contorno e á veciñanza fomentando o diálogo con: organizacións veciñais, organizacións de país e nais, organizacións xuvenís,...
- b) Accións de prevención en centros educativos, en colaboración con outras áreas: educación, sanidade,...
- c) Accións para a información a través de campañas sobre o consumo responsable de alcohol e campañas de convivencia cívica e social.

### *ARTIGO 3.—MARCO LEGAL*

O marco normativo dentro do que se desenvolve esta Ordenanza vez establecido por:

- A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local e demais disposicións regulamentarias. En concreto o artigo 25,2 apartados: a) seguridade en lugares públicos, h) protección da salubridade pública e k) prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social.
- A Lei 14/1986, de 25 de abril, Xeral de sanidade.
- A Lei 2/1996, de 8 de maio, sobre Drogas de Comunidade Autónoma de Galicia.
- A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- Lei 13/2006, de 27 de decembro, de Horarios comerciais de Galicia.

**CAPÍTULO II**  
**PROHIBICIÓN E LIMITACIÓN**

*ARTIGO 4.—ACTIVIDADES PROHIBIDAS*

1. Queda prohibida a permanencia e concentración de persoas consumindo bebidas en vías e espacios públicos do concello ou realizando sen fundamento actividades molestas nas vías públicas, especialmente entre as 22,00 e as 9,00 horas nas zonas residenciais, coa finalidade de garantir a normal convivencia cidadá..

2. Queda prohibida a venda, distribución e subministración de bebidas en vías e zonas públicas, incluso desde vehículos automóviles, caravanas, ou similares, cando se realicen a título oneroso ou gratuito, excepto nos supostos autorizados expresamente polo Concello.

Nos establecementos públicos de consumo inmediato de bebidas, éstas deberán consumirse no interior dos mesmos, quedando prohibido o consumo das mesmas na vía pública, con excepción dos supostos de veladores e terrazas de establecementos dedicados a restauración ou hostelería.

Os titulares dos locais públicos que permitan a consumición de bebidas que expenden fora do seu establecemento e dos lugares autorizados serán considerados responsables, por cooperación necesaria, das molestias que poidesen producir e como tal seralle de aplicación o réximen sancionador establecido na presente ordenanza e no ordenamento municipal relacionado coa actividade.

*ARTIGO 5.—EXCEPCIÓN*

1. Quedan exceptuadas da prohibición do artigo anterior, as actividades relacionadas coa venda e consumo de bebidas na vía pública, en días de festa patronal ou festexos populares, feiras e romarías autorizadas.

2. Quedan tamén exceptuadas da prohibición do artigo anterior, as concentracións e reunión de persoas consumindo bebidas ou realizando outras actividades, cando contén coa correspondente autorización municipal e as concentracións ou manifestacións veciñais pacíficas.

3. Poderán servirse e consumirse bebidas, respectando os horarios legalmente establecidos en veladores e terrazas debidamente autorizados de establecementos dedicados a restauración ou hostelería.

*ARTIGO 6.—DA ACTUACIÓN INSPECTORA*

1. A Policía Local, así como os servicios técnicos municipais competentes, inspeccionarán de oficio ou a instancia de parte, os establecementos aos que se refire a presente Ordenanza, ao obxecto de comprobar o cumprimento das determinacións establecidas na mesma.

2. A Policía Local procederá á identificación das persoas que se atopen incumprindo o preceptuado na presente Ordenanza, dispersando no seu caso, ás persoas concentradas que alteren a orde pública.

3. Comprobado pola Policía Local, como consecuencia da inspección realizada, algún feito subsumible nas condutas descritas como prohibidas pola presente Ordenanza, levantarán acta na que se farán constar os feitos presuntamente constitutivos da infracción e os datos dos implicados/as, remitindo ao órgano instructor para que, se no seu caso procede, a incoación do oportuno expediente sancionador

4. Nos supostos de consumo de bebidas nas vías ou espazos públicos, os axentes da autoridade poderán, si fose necesario, intervenir as mesmas, así como os envases e demais elementos afectos á infracción cometida, co obxecto da súa destrucción posterior.

**CAPÍTULO III  
DO RÉXIME SANCIONADOR***ARTIGO 7.—PRINCIPIOS XERAIS*

O procedemento para a sanción das infraccións sinaladas na presente ordenanza aplicarase de conformidade coa Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; o Título XI da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local e o Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

*ARTIGO 8.—CLASIFICACIÓN DAS INFRACCIÓNS*

As infraccións clasifícanse en moi graves, graves e leves.

*ARTIGO 9.—INFRACCIÓNS MOI GRAVES*

Son infraccións moi graves:

- a) As concentracións de persoas nas vías e espazos públicos nas que se consuman bebidasou realizando outras actividades non autorizadas que alteren a pacífica convivencia cidadá, exceptuando as concentracións ou manifestacións veciñais pacíficas.
- b) A venda, distribución e subministración de bebidas vulnerando a prohibición reflexada na presente ordenanza uo permitindo o consumo de bebidas que se expenden fora do establecemento.
- c) O incumprimento das ordes ou requirimentos formulados polas autoridades municipais ou os axentes en directa aplicación da presente ordenanza, así como as acción ou omisións constitutivas de condutas obstrucionistas ás tarefas de control da autoridade municipal ou dos seus axentes.
- d) O impedimento ou a obstrución do uso dun servizo público ou do seu normal funcionamento.
- e) Os desperfectos ou alteracións que afecten gravemente ó mobiliario público, as súas instalación e elementos, sexan mobles ou inmoables.
- f) A comisión de dúas faltas graves no prazo dun ano cando a primeira delas fose declarada firme en vía administrativa.

*ARTIGO 10.—INFRACCIÓNS GRAVES*

Son infraccións graves:

- a) As concentracións de persoas na vía pública nas que se consuman bebidas ou realizando outras actividades nons autorizadas e que afecten negativamente á convivencia cidadá, se que causen una perturbación grave da mesma.
- b) O consumo de bebidas non autorizado, nas zonas residenciais e vías públicas.
- c) A mera obstrución ó normal funcionamento dun servizo público e a realización de actos que ocasionen danos de menor consideración ao mobiliario público.
- d) A comisión de dúas faltas leves no prazo dun ano cando a primeira delas fose declarada firme en vía administrativa.
- e) Timbrar indiscriminadamente nos portais de inmoables ou golpear elementos e mobiliario, sen provocar danos, producindo una notable afección acústica que moleste ós/as cidadáns/as, especialmente o que impida o descanso nocturno dos/das veciños/as.

*ARTIGO 11.—INFRACCIÓNS LEVES*

Son infraccións leves:

- a) A utilización de espazos públicos para usos distintos de súa finalidade tales como a práctica de xogos non autorizados en espazos e vías públicas, especialmente con patíns, monopatíns,

balóns e outros elementos que poidan provocar risco ou perxuicio para vecinos/as e viandantes, así como bañarse ou lavarse en fontes, estanques ou facer necesidades fisiolóxicas nas vías ou espazos públicos.

- b) As cometidas por simple descoido ou negligencia leve, que supoñan a vulneración do disposto na presente ordenanza e repercutan na idónea convivencia cidadá.
- c) Calquera das condutas reguladas nos artigos anteriores que non revistan a condición de moi graves ou graves.

#### *ARTIGO 12. – SANCIÓNS*

1. As infraccións anteriores sancionaranse con arranxo ao seguinte baremo:

- As infraccións moi graves con multa de 500 a 700 euros, e peche temporal da actividade, no caso de establecementos públicos.
- As infraccións graves con multa de ata 200 a 499 euros.
- As infraccións leves con multa de 50 a 199 euros.

2. Para a gradación da sanción a aplicar consideraranse especialmente os seguintes criterios:

- A existencia de intencionalidade.
- A natureza dos perxuicios causados.
- A reincidencia, que se entende como a comisión no termo dun ano de máis dunha infracción da mesma natureza cando fose declarada por resolución firme.

#### *ARTIGO 13. – PERSOAS RESPONSABLES*

Consideraranse persoas responsables e que poderán ser sancionadas polos feitos que poidan constituir infracción sao disposto desta ordenanza, as persoas físicas e as xurídicas responsables das mesmas.

Os pais, nais ou persoas que resulten legalmente responsables dos menores de idade que dependen delas, os cales serán responsables civís subsidiarios. A estas persoas se lles comunicarán as infraccións cometidas polos menores de idade ao seu cargo.

#### *ARTIGO 14. – FEITOS CONSTATADOS POLOS AXENTES DA AUTORIDADE*

Os feitos constatados polos axentes da autoridade, e que se formalicen en documento público, con observancia dos requisitos legais pertinentes, teñen valor probatorio, sen perxuicio das probas que en defensa dos respectivos dereitos ou intereses poidan sinalar ou achegar os propios administrados.

#### *ARTIGO 15. – COMPETENCIA SANCIONADORA*

O exercicio da potestade sancionadora corresponderalle ao alcalde ou alcaldesa, de acordo co establecido no artigo 21.1 apartado n) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

#### *ARTIGO 16. – POSIBILIDADE DE SUBSTITUCIÓN DAS SANCIÓNS*

As sancións económicas impostas poderán ser substituídas por:

- a) A realización de traballos ou actividades en beneficio da comunidade establecidos no Concello.
- b) A participación nos cursos que o Concello determine e que puidesen impartirse sobre a prevención do consumo de alcohol e outras drogas e o coñecemento dos seus efectos sobre a saúde, así como sobre prevención dos efectos vandálicos co fin de propiciar a adecuada convivencia.

**ARTIGO 17.—COMPETENCIA E PROCEDEMENTO PARA A SUBSTITUCIÓN DAS SANCIÓNS**

1. E competente para a substitución das sancións económicas a mesma autoridade que o é para a imposición das mesmas ou, en calquera caso, en quen delegue directamente a Alcaldía
2. O procedemento para a substitución incoarase cando o infrator manfeste, mediante a correspondente solicitude, a súa vontade de realizar de traballos ou actividades en beneficio da comunidade ou a súa participación en cursos. Determinábase o número de horas de realización de traballos ou actividades en beneficio da comunidade ou a participación en cursos sobre Prevención de Drogodependencias en relación a 1 hora de traballo ou asistencia a curso por cada 20 euros de sanción.
3. Durante o tempo de substitución, a autoridade competente poderá efectuar o seguimento que considere oportuno sobre as asistencias e resultados das tarefas correspondentes.
4. A realización dos cursos, actividades ou traballos polos infractores de xeito satisfactorio suporá a remisión da sanción ou sancións impostas.
5. O incumprimento das medidas substitutorias ou a comisión dunha nova infracción das tipificadas en esta ordenanza suporán a execución da sanción imposta.

**DISPOSICIÓN DERROGATORIA**

Quedan derogadas cantas disposicións municipais de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta ordenanza.

**DISPOSICIÓN FINAIS**

*Primeira.* —Queda facultada a Alcaldía do Concello de Cangas para ditar cantas instrucións resulten precisas para a adecuada interpretación e aplicación desde ordenanza.

*Segunda.* —A presente ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia.

Cangas, a 24 de xaneiro de 2013. — O Alcalde-Presidente, José Enrique Sotelo Villar. **2013000923**

**A N U N C I O**

De conformidade co disposto nos artigos 59.4 e 61 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, efectúase anuncio das resolucións recaídas nos expedientes de RLU, e sancionadores, ditados por esta Alcaldía relativas ás persoas ou entidades que se relacionan a continuación, xa que téndose intentado a notificación no último enderezo coñecido, esta non se puido realizar. Os interesados poderán comparecer no Negociado de Urbanismo deste Concello dentro dos dez días seguintes ó da publicación deste anuncio para coñecemento do contido íntegro da mencionada Resolución e constancia de tal coñecemento.

Transcorrido o dito prazo sen que fixera uso deste dereito, é de se-lo caso, continuarase coa tramitación do expediente.

EXPTE.	INTERESADO ENDEREZO COÑECIDO	OBRA	LUGAR
75/2007	Manuel Josenje Valladares C/Mata, 8 – planta -1ª puerta 2 Barcelona	Reforma edificación	Darbo

Cangas, a 25 de xaneiro do 2013. — O Alcalde, José Enrique Sotelo Villar. **2013000973**

\* \* \*